

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A ACADEMIA XACOBEO PARA A PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela (A Coruña), Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de Directora Xerente, cargo para o que foi nomeada na sesión do Padroado de 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación.

Doutra, a **ACADEMIA XACOBEO** con CIF Q1500423G e domicilio social en Calzada do Carme de Abaixo, nº 11, baixo, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

Está representada neste acto por D. Jesús Carlos Palmou Lorenzo, na súa condición de Presidente, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas pola Xunta Plenaria na súa sesión de 29 de xullo de 2022.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia" (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago



de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viales e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *"a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural"*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na **difusión cultural**, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.*
- d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, **promovendo a difusión e conservación da nosa cultura**, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- e) As que fomenten **a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.***
- f) As axeitadas para **posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.***
- g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*
- h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico."*

Neste sentido, a Fundación considera imprescindible difundir o patrimonio xacobeo, máis nun momento tan importante para Galicia, como é actual Xacobeo 21.22. Polo anterior, en aras a difundir os camiños, a cultura xacobeá e a vinculación co resto do mundo a través das peregrinacións procedentes de distintos puntos do globo terráqueo, a Fundación quere colaborar facendo do Gaiás, un punto de encontro entre a cidadanía e o mundo xacobeo.

Esta idea de conexión entre o Gaiás e o patrimonio vinculado á peregrinación a Santiago é unha antiga necesidade da Fundación polo que son habituais a realización de actividades relacionadas con esta materia (p.e. o Bosque do Camiño, unha iniciativa para que os peregrinos que cheguen a Santiago poden plantar unha árbore no Bosque de Galicia e deixar a súa pegada no entorno, ou Reb/veladas na paisaxe).

Doutra banda, cabe tamén lembrar que a Vía da Prata, percorre paralelo ao recinto do complexo, sendo o Gaiás, un punto de paso para os peregrinos.



Esta mesma necesidade se plasma no II Plan Estratéxico 2017-2021 da Cidade da Cultura de Galicia. En concreto na seguinte acción;

Acción 2.1.4 Camiño de Santiago - Vía da Prata Relación co marco estratéxico	OE4. Fortalecer o papel do Gaiás como un destino creativo e de relevancia turística... OO 4.2 Potenciar a integración do Gaiás nas dinámicas asociadas ao Xacobeo e ao Camiño de Santiago.
Xustificación da necesidade	Existe un gran potencial de incrementar o número de peregrinos que visitan a Cidade da Cultura de Galicia, ben como unha etapa ou punto de interese na Vía da Prata, ou ben unha vez que rematan o Camiño e visitan Santiago de Compostela.
Obxectivos	- Asociar o Gaiás a un punto de interese no Camiño de Santiago. - Promover a visita dos peregrinos á Cidade da Cultura, ben durante o camiño ou ben unha vez finalizado este e coincidindo coa súa estadía en Santiago de Compostela.
Descrición da acción	Desenvolvemento de accións que faciliten a visita ao Gaiás como unha última parada para os peregrinos da Vía da Prata, que conecta Andalucía e Estremadura con Santiago de Compostela. As impresionantes vistas da ladeira do Monte Gaiás e do Bosque de Galicia sobre a Catedral de Santiago son un excelente atractivo como última parada dos peregrinos antes da súa chegada a Santiago de Compostela.
Tarefas	- Creación de acceso específicos dende o Camiño de Santiago ao Gaiás, incluíndo o trazado de sendas e de escaleiras dende o acceso ao cumio. - Promoción da Cidade da Cultura como un punto de interese na Vía da Prata o no camiño de Santiago.

Terceiro- Que a **Academia Xacobeia** é unha institución de dereito público, non gobernamental e sen ánimo de lucro, creada ao amparo do Decreto 392/2003, do 23 de outubro, que regula a creación e réxime xurídico das academias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa creación ten amparo nunha iniciativa privada, plasmada en acta de data 8 de xuño de 2017, na que foron aprobados os seus estatutos.



A adopción do acordo de creación das academias, a súa adscrición ás distintas consellerías e a aprobación da modificación dos estatutos correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da solicitude da academia interesada, conforme o disposto no artigo 5 do Decreto 392/2003, do 23 de outubro, e no artigo 2 da Orde do 8 de abril de 2005 pola que se desenvolve o citado decreto, e publícase no Diario Oficial de Galicia mediante resolución da secretaría xeral técnica da consellería que formulou a proposta do acordo.

De conformidade co exposto, os promotores presentaron a correspondente solicitude na cal manifestaban a súa vontade de creación da Academia Xacobeia e os seus estatutos, nos cales se recollen os fins de promoción e desenvolvemento da investigación, estudo e divulgación do Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo en todas as súas vertentes, así como a promulgación e difusión dos valores universais que lle son propios.

Polo anterior, mediante Acordo da Xunta de Galicia de data 23 de novembro de 2017, publicado no DOGA do 12 de decembro do mesmo ano, ao amparo do disposto no citado Decreto, recibe o visto e plácet institucional, sendo adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A súa finalidade fundacional principal é a promoción e desenvolvemento da investigación, estudo e divulgación do Camiño de Santiago e do fenómeno Xacobeo en todas as súas vertentes, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios. Así mesmo a Academia manterá relación con cantas universidades e institucións, públicas ou privadas, leven a cabo actividades de estudo nos ámbitos do Camiño de Santiago e fenómeno xacobeo en xeral, a través de relacións de reciprocidade, da realización de actividades conxuntas, da promoción de bolsas de estudo ou da coparticipación en proxectos de investigación ou divulgación e cantas outras actividades sexan susceptibles de traballo conxunto.

A Academia Xacobeia está adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (á que tamén está adscrita a Fundación Cidade da Cultura de Galicia) e exerce como recoñecida embaixadora do Camiño no mundo, contando entre os seus académicos, con relevantes persoeiros da cultura do noso País.

Cuarto.- Que hai que salientar a importancia de "crear alianzas a favor da cultura"; neste caso, que benefician a divulgación do Xacobeo en aras a difundir os camiños, a cultura xacobeia e a vinculación co resto do mundo a través das peregrinacións procedentes de distintos puntos do mundo. Por isto, a importancia de colaborar cunha institución da importancia da Academia Xacobeia na divulgación do mundo xacobeo; a súa presenza na Cidade da Cultura de Galicia permitirá a colaboración de ambas institucións como instrumento para a promoción da cultura galega dentro e fóra da nosa comunidade.

Dita colaboración, aínda que póla súa propia natureza non da lugar á realización de investimentos reais, pois non se poden materializar en activos, sen embargo si poden considerarse como investimentos de carácter inmaterial pois están incrementando o valor das actuacións realizadas nunha materia directa ou indirectamente relacionada coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da que tamén depende a (Fundación) e a propia Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Polo tanto, coa sinatura do convenio se está a adquirir un activo inmaterial para o sector público autonómico.

Quinto.- Que polo anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Academia Xacobeia están interesados na colaboración mutua na promoción de actividades conxuntas para o



fomento da cultura Xacobeá, polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio, a colaboración entre ambas as dúas partes, para a promoción e divulgación do Camiño de Santiago e do fenómeno Xacobeo, para o cal a Fundación cederá determinados espazos á Academia Xacobeá para a realización de actividades na Cidade da Cultura de Galicia.

Para a realización destas actividades, a Fundación cederá temporalmente e a título gratuito espazos adecuados para elo. As ditas actividades serán organizadas e realizadas pola Academia Xacobeá, sen custe para a Fundación.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ACADEMIA XACOBEO

A ACADEMIA XACOBEO correspóndelle:

- a) A realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas. En canto promotor do/s evento/s e organizador da formación, será o encargado exclusivo da súa organización, así como da presentación das comunicacións e/ou obtención das oportunas autorizacións e licenzas ante os organismos competentes de acordo coa normativa reguladora na materia. Con carácter previo ao evento, deberá presentar documentación xustificativa das xestións realizadas e das autorizacións, no seu caso, obtidas, a tal efecto.
- b) A garantir o uso pacífico dos espazos cedidos a título gratuito, sen prexuízo de terceiros usuarios dos espazos.
- c) A colaborar na realización actividades para o fomento e promoción do Camiño de Santiago e o Xacobeo que se realicen na Cidade da Cultura de Galicia.
- d) A comunicar con suficiente antelación á Fundación Cidade da Cultura de Galicia o calendario e programación dos eventos e informar puntualmente dos cambios no programa, especialmente os que impliquen prolongar o horario de apertura do/s edificio/s onde se desenvolva a/s actividade/s.
- e) A seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da Cidade da Cultura de Galicia para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- f) A coordinar a comunicación dos eventos coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación.
- g) A limitar as actividades que afecten ás áreas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.



- h) Á conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, a Academia Xacobeá deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento de calquera tipo, incluído o informático, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado, que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na Cidade da Cultura de Galicia.

A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente convenio.

- i) A velar pola boa orde no recinto dos espazos e instalacións e adoptar as medidas precisas para asegurar a hixiene dos espazos e instalacións cedidos.
- j) A xestionar e coordinar ao persoal (incluído o persoal que deba encargarse da recepción, almacenaxe e vixilancia do material almacenado) contratado por Academia Xacobeá ou por terceiros por él contratados, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a Fundación do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
- k) A identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión de autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da Cidade da Cultura de Galicia.
- l) Subministrar aos participantes os materiais derivados da propia actividade, tales como material do curso, material de oficina e material en xeral.
- m) Velar por un uso racional do/s edificio/s e das súas instalacións con criterios de eficiencia económica e respecto ao medio ambiente, respectando as instrucións que se diten ao efecto.
- n) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
- o) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente.
- p) Incorporarse ao Plan de Emerxencia e Evacuación do/s edificio/s.
- q) Elaborar un Plan de Autoprotección Complementario relativo ás actividades que o precisen, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.



- a) Deseño, previa autorización Fundación, da sinalética no edificio onde se realizará os cursos formativos, así como no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, para informar da/s ubicación/s onde se celebren os eventos.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

Á FUNDACIÓN correspóndelle:

- a) Á cesión temporal a título *gratuito* á Academia Xacobeá dos seguintes espazos;
1. **Un espazo ubicado no Viveiro Gaiás do Centro de Emprendemento, cunha extensión de quince metros cadrados (15 m²);** cesión exclusiva dun espazo que inclúe o acceso ilimitado ao mesmo, 2 postos de traballo, dúas mesas, dúas cadeiras, dous mobles de caixóns, dous flexos e catro armarios. Así mesmo, como usuario do Viveiro se inclúen os seguintes servizos gratuítos, comúns a todos os usuarios do espazo;
 1. Buzón para correspondencia postal ordinaria.
 2. Salas de reunións (con ou sen proxector); estas salas de reunións non poderán ser utilizadas para a realización de actividades alleas ao seu cometido principal; non se poderán levar a cabo xornadas formativas, cursos, exposicións,...
 3. Aluguer puntual gratuito doutros espazos da Cidade da Cultura de Galicia, segundo dispoñibilidade do calendario do Departamento de Visitas & Eventos, durante un máximo de 2 xornadas ao ano. A partir dese mínimo, será de aplicación a tarifa reducida prevista para os aloxados no CEM. Non se inclúe persoal técnico, polo que para manexar os equipos audiovisuais dos diferentes espazos da Cidade da Cultura é necesario a contratación de persoal especializado.
 4. Aparcamento cuberto (1 praza)
 5. Escaparate/showroom, previa petición do autorizado/a e suxeito a valoración dos técnicos da Fundación.
 6. Rede wifi e conexión por cable.
 - b) Ao mantemento das instalacións cedidas. Non obstante o anterior, non será obxecto de mantemento por parte da Fundación, o equipamento propio da Academia Xacobeá, a cal será responsable do mesmo.
 - c) A contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
 - d) Á promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
 - e) A velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
 - f) Ao coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por Academia Xacobeá, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.



- g) Á autorización da sinalética no edificio onde se realizará os cursos formativos, así como no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, para informar da/s ubicación/s onde se celebren os eventos de grande formato.

Non se inclúe nas obrigas da Fundación, a posta a disposición de persoal técnico ou de mantemento a favor da Academia Xacobeo; esta última disporá do seu propio persoal para levar a cabo as actividades que lle son propias.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS.

ACADEMIA XACOBEO e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Visibilidade dos logotipos propios de cada institución nos materiais promocionais utilizados para a difusión das liñas de emprendemento que cada entidade realice e considere conveniente, previa confirmación por cada parte.
- c) Difusión, promoción e publicidade dos eventos/actividades propios de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas institucións, e calquera outra canle de difusión que se considere conveniente.
- d) Programación de actividades conxuntas que repercutan obxectivamente en proxectos emprendedores.
- e) Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.

QUINTA.- RESPONSABILIDADES

A Fundación Cidade da Cultura no se fai responsable do material de traballo que Academia Xacobeo poida manter nas instalacións.

En concreto, a Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo ocupado, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente contrato. A vixiancia e seguridade do mobiliario e equipamento da súa propiedade serán por conta de Academia Xacobeo.

De igual forma, a Fundación quedará exonerada de calquera responsabilidade que puidese resultar do exceso de ocupación por persoas do espazo arrendado, que de ningún modo poderá superar a normativa en vigor nin as condicións específicas do Centro de Emprendemento obxecto do presente contrato. Academia Xacobeo será o único responsable de cantos danos, tanto físicos coma materiais, poidan ocasionarse aos ocupantes e terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, das actividades exercidas por este ou os seus dependentes e dos servizos que preste, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais dependentes de Academia Xacobeo que vaian desenvolver as actividades previstas no acordo, ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do acordo.

SEXTA.- FINANCIAMENTO



O convenio non comporta gasto para ningunha das dúas partes.

No caso da Fundación, os custes repercutidos serán os ordinarios e propios da súa actividade.

No caso da Academia Xacobeá, a formalización do presente convenio supón o aforro dos custos derivados da cesión gratuíta do espazo.

SETIMA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á Academia Xacobeá.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do edificio CEM, e Academia Xacobeá será a único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Todo o material tanto de arquivo como estrutural (papeleira, mobles, etc) de Academia Xacobeá deberá ser recollido dos espazos comúns. De non producirse este feito, todo material ou elemento que se atope situado en superficies comúns durante o prazo máximo dun (1) mes poderá ser retirado pola Fundación Cidade da Cultura previo requirimento. A Fundación Cidade da Cultura poderá destruír dito material ou darlle o destino que estime oportuno pasado dito prazo.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

NOVENA.- VIXENCIA.

O Convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de un ano, prorrogable automaticamente por anualidades ata un máximo de tres (3) anos, salvo que algunha das partes solicite expresamente a resolución do presente convenio cun mes de antelación á data de cumprimento de cada anualidade. Chegada a data máxima de vixencia indicada, o convenio poderá ser prorrogado de forma expresa para os seguintes tres anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.



O acordo conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

DECIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

A resolución por incumprimento de Academia Xacobeia extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

UNDECIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo .

DUODÉCIMA.- RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entro os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Fundación, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente contrato.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados.

Ambas as partes comprométese a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE)



2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a realización do obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter



público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

DÉCIMO CUARTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente Convenio está excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo dispón o artigo 6 desta normativa.

A natureza xurídica do convenio é netamente patrimonial. A normativa aplicable ao convenio é a do dereito privado con independencia de que deben terse en conta os principios recollidos Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, o é en canto aos principios de funcionamento. Igualmente será de aplicación a Lei 5/2011, de 30 de setembro so aos efectos dos principios sinalados na mesma.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas no seo da Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición civil.

E para que así conste e para os efectos oportunos, ambas as partes subscriben o presente contrato, en sinal da súa conformidade con este, no lugar indicado no encabezamento e na data da última sinatura dixital.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por Academia Xacobeia

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Gerente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Presidente

